

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Santiago, 27 de xaneiro de 2015

PROGRAMA DE IMPULSO DEMOCRÁTICO **-5 LEIS E 50 MEDIDAS EN 50 DÍAS-**

No ámbito da administración autonómica

I.- Nova Lei de Transparencia e Bo Goberno (sometida a un proceso previo de participación cidadá):

- 1- Creación dun Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia
- 2- Mellora do Portal Open Data da Xunta de Galicia.
- 3- Regulación do dereito cidadán a recibir asistencia da administración para o exercicio do seu dereito ao acceso á información pública.
- 4- Instauración dun réxime sancionador para altos cargos por incumprimento das obrigas de transparencia.
- 5- Penalizacións para as entidades externas que non cumbran coas obrigas de transparencia.
- 6- Plan de formación específico para o persoal público en materia de transparencia
- 7- Novos decretos reguladores dos rexistros de contratos e de convenios, para aumentar as súas funcionalidades tecnolóxicas e a súa transparencia.

Obriga legal de publicación:

- 8- Do inventario de entes instrumentais do sector público autonómico.
- 9- Dos seus plans de actuación e contratos de xestión.
- 10- Das retribucións do persoal directivo destes entes instrumentais.

- 11- Do programa legislativo do goberno.
- 12- Dos textos das resolucións xudiciais que afecten á vixencia ou á interpretación da normativa autonómica.
- 13- Dos ditames e informes dos órganos consultivos.
- 14- Do cadro total de empregados públicos, con distribución por grupos.
- 15- Das relacións de postos de traballo ou documentos equivalentes.
- 16- Das ofertas públicas de emprego e dos procesos de selección de persoal.
- 17- Dos acordos, pactos e convenios colectivos.
- 18- Dos liberados sindicais e do custo que xeran.
- 19- Do gasto anual en persoal eventual por departamento e da súa evolución.
- 20- Do curriculum vitae dos altos cargos.
- 21- Da relación de bens inmoables da Xunta de Galicia.
- 22- Da relación de vehículos oficiais e uso ao que están destinados.
- 23- Dos orzamentos en vigor, liquidacións dos anteriores e informes e auditorías relacionados.
- 24- Da estrutura da carteira de débeda e do seu calendario de vencemento.
- 25- Da totalidade dos contratos públicos, incluídos os menores.
- 26- Dos pregos de condicións de todas as concesións de servizos públicos.
- 27- Dos instrumentos de ordenación do territorio e plans urbanísticos.
- 28- Incorporación dun sistema de alertas e notificacións no Portal de Transparencia e Goberno Aberto que informe á cidadanía da apertura de procesos de participación

- 29- Limitación das actuacións dos gobernos en funcións.
- 30- Regulación dos procesos de traspaso de poderes.
- 31- Consolidación por lei da existencia dun Código Ético Institucional.
- 32- Mecanismo de seguimento das medidas do Código Ético Institucional.
- 33- Proceso de reasignación de efectivos destinado a reforzar as unidades destinadas a inspección e control para evitar fraudes.
- 34- Publicidade das actividades dos altos cargos nos dous anos previos ao nomeamento.
- 35- Obriga de inhibición sobre asuntos que impliquen a empresas coas que estiveran vinculados neses dous anos.
- 36- Prohibición de posuír participacións superiores ao 10% de empresas que sexan subcontratistas da administración.
- 37- Obriga de comunicar, con carácter previo, as actividades que se vaian a exercer nos dous anos posteriores ao cesamento, para comprobar a súa compatibilidade.

II.- Nova Lei de Asistencia Xurídica do sector público autonómico:

- 38- Concreción legal dos requisitos para recibir asistencia letrada da administración.

No ámbito institucional

- 39- Coordinación da asistencia que as Deputacións deben prestar aos concellos para o cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia.
- 40- Designación dun órgano independente para recibir as reclamacións por denegación de acceso á información pública en Galicia

- 41- Mellora da seguridade xurídica no eido local, aumentando as posibilidades de consulta dende as entidades locais a organismos autonómicos como o Consello de Contas, o Consello Consultivo, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ou a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

III.- Nova Lei do Consello de Contas que incluírá:

- 42- Creación dunha sección do Consello de Contas para asumir competencias de prevención da corrupción.
- 43- Proceso de consolidación e profesionalización do persoal ao servizo do Consello de Contas.
- 44- Potenciación das auditorías operativas do Consello de Contas.
- 45- Atribución de funcións fiscalizadoras sobre a evolución das declaracións patrimoniais dos altos cargos.

No ámbito da participación política
--

IV.- Nova Lei de Financiamento dos Partidos Políticos no ámbito autonómico, que inclúa:

- 46- Prohibición de doazóns aos partidos por parte de persoas xurídicas.
- 47- Obrigas de transparencia das contas e auditorías dos partidos políticos galegos, superiores ás da lexislación básica.

V.- Lei de Participación Cidadá no Parlamento, que inclúa:

- 48- Regulación das proposicións non de lei de iniciativa popular.
- 49- Regulación das preguntas parlamentarias cidadás.
- 50- Regulación da participación cidadá no proceso lexislativo.

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA